

PENDENTES 1º ESO - BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Bloque I. Contidos do primeiro exame de pendentes de 1º ESO –bioloxía e xeoloxía.

UNIDADE 1: A VIDA NA TERRA

- Indicar as características que diferencian a un ser vivo dun ser inerte.
- Que é unha célula? Establecer a principal diferenza entre as células procariotas e as eucariotas.
- Indicar como se pode diferenciar unha célula animal dunha vexetal.
- Diferenciar a nutrición autótrofa e heterótrofa.
- Diferenciar reprodución sexual e asexual.
- Concepto de taxonomía.. Concepto de especie
- Enumerar os 5 reinos de seres vivos, indicando as principais características que os diferencian e indicar exemplos de cada un deles.

UNIDADE 2: MONERAS, PROTOCTISTAS E FUNGOS

- Reino Monera: As bacterias. Características xerais: como son? Como viven?
- Coñecer os principais grupos do reino Protocistas. Características xerais. Exemplos.
- Indicar microorganismos beneficiosos para a biosfera e para as persoas.
- Características xerais do reino dos fungos. Exemplos.

UNIDADE 3: AS PLANTAS

- Características xerais do reino vexetal.
- Partes dun planta e función de cada parte.
- A nutrición das plantas.
- A reprodución das plantas: asexual e sexual.
 - A flor
- Coñecer a clasificación das plantas , indicando as principais características de cada grupo e exemplos.

UNIDADE 4: OS ANIMAIIS

- Características xerais do reino animal.
- A nutrición nos animais: conceptos xerais de dixestión, respiración, circulación e excreción.
 - Indica exemplos de dixestión, respiración, circulación e excreción
- A relación:
 - Que son os receptores? Indica exemplos.
 - Que é o sistema nervioso?
 - Que é o sistema endócrino?
 - Que son os efectores? Os músculos.
- A reprodución:
 - Tipos de reprodución asexual.
 - Que son os gametos? Que tipos de fecundación hai?
 - Que é o cigoto e como se desenvolve?

Bloque II. Contidos do segundo exame de pendentes de 1º ESO –bioloxía e xeoloxía.

UNIDADES 5 e 6: INVERTEBRADOS E VERTEBRADOS (resume)

- Invertebrados:
 - Concepto de invertebrado. Que grupos inclúen? *Por exemplo moluscos*

- De cada grupo saber: definición do grupo; principais subgrupos e exemplos de cada subgrupo. *Por exemplo os moluscos teñen tres subgrupos, gasterópodos, bivalvos e cefalópodos. Exemplos: caracol e lesma; mexilón e ostra; polbo e calamar.*
- Os artrópodos: definición do grupo; partes do corpo; principais subgrupos e exemplos de cada subgrupo.
- Vertebrados:
 - Concepto de vertebrado. Principais características. Que grupos inclúen? *Por exemplo peixes*
 - De cada grupo saber: definición do grupo; principais características distintivas do grupo, principais subgrupos e exemplos de cada subgrupo.

UNIDADE 7: OS ECOSISTEMAS E A DIVERSIDADE

- Que é un ecosistema? Que compoñentes hai nel?
- Definir *biodiversidade* xustificando a súa importancia.
- Coñecer as principais causas da perda de biodiversidade e relaciónalas con algunhas medidas para a súa conservación.

UNIDADE 8: O UNIVERSO E A TERRA

- Que compoñentes hai no sistema solar?.
- En que se diferencian estrelas, planetas, satélites e cometas?
- Agrupar os planetas segundo as súas características.
- Características xerais do planeta Terra. Rotación e translación.
- Que relación hai entre Terra e Lúa? Eclipses e mareas.

UNIDADE 9, 10, 11 e 12 (resume)

- A ATMÓSFERA:
 - Composición da atmosfera e as capas nas que se divide.
 - Indicar a importancia da atmosfera para os seres vivos.
 - Coñecer os fenómenos atmosféricos relacionados coa auga e o vento.
 - Indicar as principais causas e consecuencias da contaminación atmosférica.
- A HIDROSFERA
 - Coñecer de forma xeral a distribución da auga na Terra.
 - Ciclo da auga.
 - Indicar as principais causas e consecuencias da contaminación da auga.
- A XEOSFERA
 - Capas da Terra coas súas principais características.
 - Concepto de mineral.
 - Diferenciar mineral de rocha.
 - Indicar o orixe dos 3 grupos principais de rochas e sinalar exemplos de cada grupo.
 - Nomear os principais minerais e rochas de uso industrial e ornamental, máis usados.